

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

10243 *Real decreto 901/2018, do 20 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas para a loita contra a enfermidade de Newcastle.*

O Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas para a loita contra a doenza de Newcastle, traspón a Directiva 92/66/CEE do Consello, do 14 de xullo de 1992, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a doenza de Newcastle, a fin de facer fronte a esta doenza, dada a súa gravidade e o seu alto carácter difusivo, o que se traduciu na práctica da vacinación como medida preventiva nalgunhas zonas do territorio nacional, e actúa como norma de referencia nacional fronte a esta doenza.

A recente publicación da Directiva (UE) 2018/597 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de abril de 2018, que modifica a Directiva 92/66/CEE do Consello pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a doenza de Newcastle, designa un novo laboratorio de referencia da Unión Europea para a doenza de Newcastle, enumerando as súas funcións e obrigacións. Así mesmo, para simplificar e axilizar os procedementos de loita contra a doenza, establece modificacións nas medidas de control que deben establecer os Estados membros cando se sospeite a presenza da doenza de Newcastle en pombas mensaxeiras ou en aves en cativeiro, así como nos criterios que deben aplicar os Estados membros para elaborar os plans de urxencia de loita contra a doenza, tendo en conta en particular o novo sistema de actos de execución establecido polo artigo 93 do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, así como o novo sistema de actos de execución establecido no artigo 291 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Esta directiva tamén suprime os anexos V, VI e VII da Directiva 92/66/CEE do Consello, do 14 de xullo de 1992, e confire á Comisión Europea competencias de execución nas materias incluídas neses anexos, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 182/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 2011, polo que se establecen as normas e os principios xerais relativos ás modalidades de control por parte dos Estados Membros do exercicio das competencias de execución pola Comisión.

O presente real decreto traspón ao ordenamento xurídico nacional a Directiva (UE) 2018/597 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de abril de 2018.

A regulación que se contén nesta norma axústase aos principios determinados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, esta norma baséase nunha razón de interese xeral, como é a sanidade animal e, por tanto, a saúde pública, sendo o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución, ao ser necesario que a regulación se recolla nunha norma básica. O principio de seguranza xurídica cumprese ao establecerse nunha disposición xeral as novas previsións. Cumprese o principio de transparencia, ao teren sido consultadas na elaboración da norma as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, e as entidades representativas dos sectores afectados, e mediante a audiencia pública do proxecto. Finalmente, respecto do principio de eficiencia, non se impoñen cargas administrativas.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e do disposto no artigo 149.1.16.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, e da ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xullo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas para a loita contra a doenza de Newcastle.*

O Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas para a loita contra a doenza de Newcastle, queda modificado como segue:

Un. O artigo 13 substitúese polo seguinte:

«Artigo 13. *Laboratorio de referencia da Unión Europea.*

1. O laboratorio de referencia da Unión Europea para a doenza de Newcastle será o que designe a Comisión Europea mediante un acto de execución.

2. As funcións e misións do laboratorio de referencia da Unión Europea para a doenza de Newcastle son as seguintes:

a) Coordinar, en consulta coa Comisión Europea, os métodos empregados nos Estados membros para o diagnóstico da doenza de Newcastle, especialmente mediante:

1.º A tipaxe, almacenamento e fornecemento de estirpes do virus da doenza de Newcastle para a realización de probas serolóxicas e a preparación de antisoros.

2.º O fornecemento de soros normalizados e outros reactivos de referencia aos laboratorios nacionais de referencia para harmonizar as probas e a preparación de antisoros.

3.º A constitución e conservación dunha colección de estirpes e illados do virus da doenza de Newcastle.

4.º A organización periódica de probas comparativas dos procedementos de diagnóstico dentro da Unión Europea.

5.º A recolla e contrastación de datos e de información sobre os métodos de diagnóstico utilizados e os resultados das probas efectuadas na Unión Europea.

6.º A caracterización de illados do virus da doenza de Newcastle mediante os métodos dispoñibles máis avanzados, para fomentar unha mellor comprensión da epidemioloxía desa doenza.

7.º O seguimento da evolución da situación da vixilancia, epidemioloxía e prevención da doenza de Newcastle en todo o mundo.

8.º A compilación de coñecementos e experiencia sobre o virus da doenza de Newcastle e outros virus afíns relacionados con este para poder facer un diagnóstico diferencial rápido.

9.º Un coñecemento profundo sobre a preparación e utilización dos medicamentos inmunolóxicos veterinarios empregados para a erradicación e o control da doenza de Newcastle.

b) Contribuír activamente na identificación de focos da doenza de Newcastle nos Estados membros, recibindo illados víricos para confirmar o diagnóstico e proceder á súa caracterización e estudo epidemiolóxico.

c) Facilitar a formación ou posta ao día de expertos en diagnóstico de laboratorio para harmonizar as técnicas de diagnóstico na Unión.»

Dous. O artigo 17.5 substitúese polo seguinte:

«5. Os órganos competentes das comunidades autónomas informarán o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que este transmita á Comisión, no marco do Comité Permanente de Vexetais, Animais, Alimentos e Pensos, información sobre a situación da doenza e das medidas de control aplicadas. Esta información proporcionarase segundo normas relativas á información que poderá establecer a Comisión Europea mediante actos de execución.»

Tres. O artigo 19 substitúese polo seguinte:

«Artigo 19. *Medidas de información e control.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación preparará un plan de urxencia, en coordinación coas comunidades autónomas, que especifique as medidas que se deberán aplicar a escala nacional en caso de que se rexistren focos da doenza de Newcastle. Este plan actualizarase, segundo proceda, tendo en conta a evolución da situación, e tanto o plan como as súas posibles actualizacións serán sometidos á Comisión Europea para a súa aprobación.

Este plan permitirá o acceso, conforme a normativa vixente, ás instalacións, equipamento, persoal e calquera outro material adecuado que sexan necesarios para a rápida e eficaz erradicación do foco. Indicará de maneira precisa as necesidades de vacina de que se deba dispor, no ámbito nacional, para unha vacinación de emerxencia.

2. Os criterios que se deberán aplicar para a elaboración dese plan serán os establecidos pola Comisión Europea mediante actos de execución.»

Catro. Engádesse un artigo 21 co texto seguinte:

«Artigo 21. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; na Lei 14/1986, do 25 de abril, e, se for o caso, no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde a que deren lugar.»

Cinco. Suprímese o anexo V.

Seis. Suprímese o anexo VI.

Sete. Suprímese o anexo VII.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

Até que a Comisión Europea designe un novo laboratorio de referencia da Unión Europea para a doenza de Newcastle, seguirá sendo o que se indica no anexo V do Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva (UE) 2018/597, do 18 de abril de 2018, que modifica a Directiva 92/66/CEE do Consello, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a doenza de Newcastle.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2019.

Dado en Madrid o 20 de xullo de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO